

Paseo Literario ...

PARADA 3: CAFÉ GOYA

Situado na rúa Urzaíz, número 18, foi o lugar escollido por moitos intelectuais e artistas durante os sesenta anos que estivo aberto, dende o 1950 ata o 1998, como lugar de reunión, de faladoiros ou de sesións de café teatro. Carlos Casares, ao igual ca Laxeiro ou M^a do Carme Kruckenberg, era un asiduo ao Café Goya e alí participaba naqueles interminables faladoiros. As súas historias eran as protagonistas das sobremesas.



Carlos Casares definía a tertulia como “esa especie de respiración que me fai vivir”.

No seguinte texto pode lerse a opinión que Carlos tiña sobre a tertulia, *un pracer do que gozar en boa*

COUSAS DA LITERATURA

[...] Por outro lado, a literatura pode servir para moitas cousas: gañar a vida, gozar, emocionarse ou encanallarse. A min, persoalmente, sérveme para pasalo ben, como me sucede cos trens eléctricos, a tertulia cos amigos ou un puriño despois de comer. Outra xente prefire coleccionar selos ou andar en bicicleta. Sería imposible que todos tivésemos as mesmas afeccións. Por certo, que o martes pola noite houbo tormenta. Deixei a novela que estaba lendo para presenciar a loucura de raios e tronos que caía sobre o mar.

Á marxe, 14 de setembro de 1995

Carlos Casares